



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
01/2013	Desenvolvemento dun software de control de demanda e actividade asistencial en estruturas sanitarias integradas	Desenvolvemento do Sistema de Xestión Integral de Pacientes que proporcione ao paciente toda a información e mecanismos necesarios para o seguimento do seu proceso e que facilite que os profesionais dispoñan de información sobre a traxectoria asistencial dun paciente e os seus procesos de atención, apoiando a planificación das actividades asistenciais e garantindo que a atención e as distintas prestacións se realicen no tempo e forma axeitadas, utilizando os recursos óptimos en canto á eficiencia do sistema e para minimizar os desprazamentos do paciente. Esta ferramenta será o núcleo da planificación dos servizos asistenciais. Por iso, será o único punto de entrada do rexistro das actividades asistenciais que forman parte dos procesos máis relevantes da organización sanitaria rexional, con especial fincapé nas enfermidades crónicas. Ademais, identificará con carácter nuclear aos asegurados, pacientes atendidos, a carteira de servizos e modalidade dispensada en cada área, as unidades de produción de servizos e os recursos profesionais, tecnolóxicos e físicos dispoñibles para a prestación do servizo sanitario. Deberá integrarse co resto de aplicacións departamentais e estar accesible dende a historia clínica electrónica. O sistema contará cun xestor de oferta, un xestor de planificación e programación, un xestor de procesos asistenciais e un xestor de documentación.	2.384.741,24 €	H2050-5-Novo HIS - Modelo funcional do hospital do futuro
02/2013	Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica concentradora de localización e eventos	Desenvolvemento dun sistema de trazabilidade que mellore a calidade e eficiencia dos servizos prestados a pacientes e profesionais en tres ámbitos de aplicación: • Pacientes: Identificación, localización e control de fluxo en tempo real do paciente. • Recursos: Control adecuado de inventario e localización de equipos, evitando ineficiencias no uso. • Profesionais: Mellora na xestión de actividade, localización e na seguridade física e lóxica. Para eles será necesario: • Identificar e parametrizar os distintos procesos e eventos asistenciais. • Integrar un sistema de identificación, control, situación, seguimento, localización e trazabilidade baseado en Sistemas de Localización en Tempo Real na rede sanitaria de acordo cos diferentes escenarios que se poidan presentar. • Integrar todos os eventos dos distintos subsistemas nunha plataforma concentradora, identificando estes e relacionándoos con responsables e tempos. • Controlar a Actividade de profesionais, integrando a seguridade física e lóxica. • Pilotaxe con distintas tecnoloxías inarámicas	561.806,02 €	H2050-2-Trazabilidade integral de pacientes e recursos
03/2013	Desenvolvemento dun software de planificación e xestión da actividade de profesionais no eido sanitario	Desenvolvemento dun sistema que permita planificar e xestionar a actividade de recursos humanos. Co uso deste sistema mellorarase a produtividade e modernizarase o sistema de xestión de actividade e quendas, como eixe central do sistema de profesionais de todos os centros sanitarios. Será preciso innovar na planificación automática, desenvolvendo un sistema automático de plans de quendas óptimas en función das condicións históricas e a previsión de carga asistencial utilizando técnicas de intelixencia artificial. O sistema permitirá a trazabilidade do desempeño da actividade funcional de profesionais, o control de accesos físicos e ofrecerá servizos personalizados; posibilitará o cálculo de excesos e déficits de persoal e do impacto negativo na calidade do servizo e custos. Realizará análise de alternativa e reducirá o tempo dedicado á planificación.	675.193,50 €	H2050-2-Trazabilidade integral de pacientes e recursos
04/2013	Adquisición e adaptación dunha plataforma de vídeo e audioconferencia para telemedicina	Desenvolvemento das integracións ou adaptación dunha plataforma de videoconferencia para permitir a comunicación profesional-profesional en ámbitos sanitarios e a comunicación profesional-paciente, con integración directa cun sistema de historia clínica electrónica e de xestión da actividade clínica. A plataforma proporcionará un sistema de telemedicina "en tempo real", por voz ou videoconferencia, de forma que un profesional poida solicitar unha consulta directa con outro profesional doutra especialidade para resolver unha dúbida ou recibir asesoramento sobre un tratamento ou unha impresión diagnóstica, ou a indicación de probas que lle permita resolver ou axilizar parte do proceso no momento no que está a atender a un paciente. Este sistema debe ofrecer un grupo de especialistas accesibles, ben nun centro sanitario específico ou ben con en unidades virtuais, cuxo persoal estea distribuído entre varios centros, con capacidade de responder as chamadas e con acceso á información do paciente no momento no que o especialista solicitante está a realizar a consulta. O sistema deixará rexistro do profesional solicitante e o consultado e da súa actividade, así como constancia no sistema de historia clínica. Para a comunicación co paciente, a mesma plataforma de videoconferencia ofrecerá un conxunto de aplicacións cliente sobre distintos dispositivos, sen custos de licenzas para o paciente, e un modo de funcionamento securizado nas comunicacións.	649.503,12 €	IS-4-Produtos de teleasistencia multiespecialidade IS-5-Fogar dixital. Accesibilidade a Servizos Sanitarios



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
05/2013	Desenvolvemento dunha plataforma concentradora de sinais procedentes de múltiples sensores clínicos	Desenvolvemento dun sistema concentrador de bio sinais que permita recoller e mediante conexión en tempo real ou en diferido as medidas de parámetros biolóxicos ou de presenza e movemento que se monitorizan en distintos grupos de pacientes mediante sensores inarámicos ou con conexión por cable. O sistema debe recoller a información destes sensores e enviala a un servidor central para a súa xestión e tratamento por profesionais sanitarios que realizarán funcións de control e seguimento. O dispositivo debe proporcionar un mecanismo de identificación do paciente, robustez nas comunicacións de forma que soporte interrupcións na conexión de datos, así como encriptación da comunicación. O sistema será adaptable a varias situacións de uso: Cabeceiros de cama en cuartos de pacientes, integrada no chasis dunha cama de hospitalización, en unidades sanitarias móbiles, ou no domicilio do paciente. Deberá proporcionar conectividade múltiple en redes de área persoal, sobre a base de estándares IEEE segundo o modelo Continua Alliance, con capacidade de transmisión de información en modelos estándar de información clínica IHE vía internet. Dotación de equipamento necesario para a pilotaxe nos distintos escenarios de aplicación.	900.000,00 €	H2050-6-Cuarto intelixente
06/2013	Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica multicentro de diagnóstico por imaxe	Desenvolvemento dunha plataforma de xestión e distribución de imaxe con calidade diagnóstica e dispositivos para desenvolvemento de actividade asistencial deslocalizada. A plataforma permitirá: <ul style="list-style-type: none"> • Servizos de diagnóstico e informado remoto (mesmo dende casa). • Xestión de referencias ou segundas opinións e de situacións de falta de profesionais puntuais ou prolongadas. • Solicitar e obter servizos de diagnóstico colaboradores deslocalizados áxiles. • Xestión de carteiras de profesionais subscritos aos distintos tipos de exploracións cos períodos de subscrición. Asignación manual ou automática (mediante algoritmos) da actividade e control de actividade realizada. • Servizos de xestión e mantemento dun índice mestre de estudos. • Servizos de anonimización de estudos. • Servizos de mobilidade: permitirán desenvolvemento de aplicacións para dispositivos móbiles: Recepción e consulta de actividade asignada (anonimizar) a cada profesional. • Visualización lixeira e anonimizar de todo tipo de estudos asignados ao profesional para a súa valoración ou informe). • Presentación da información de dose para mellora da seguridade do paciente, aumentando a calidade de prescrición e realización de probas/terapias que xeran radiación ao paciente (radiólogos, TER, radiofísicos, prescriptores). 	1.264.450,00 €	IS-2-Central de imaxe médica



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
07/2013	Desenvolvemento dunha plataforma de indexación e dixitalización da información clínica e dicomización e dixitalización nativa de información procedente de equipamento diagnóstico	<p>Desenvolvemento dunha plataforma de dixitalización de imaxe e papel, que permita a identificación de documentos clínicos, a dixitalización, indexación e inserción nos sistemas de xestión documental e a dicomización e dixitalización nativa de información clínica procedente de equipamento diagnóstico integrando a consulta desta información nos sistemas de xestión de información clínica e imaxe dos centros.</p> <p>A plataforma cubrirá:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O proceso de escanear do documento orixinal. • A extracción da información dos documentos en papel. • A validación para asegurar a integridade e autenticidade do documento apoiándose en procesos de firma electrónica e selado de tempo do documento. • O proceso de indexación. • A clasificación do documento e asociación de metadatos. • O almacenamento dos documentos electrónicos nun xestor documental. • O proceso de eliminación de orixinal en papel e a certificación do proceso de dixitalización. • Asegurar a dispoñibilidade e a consulta (historia clínica electrónica) • A captura e dixitalización das fontes de vídeo analóxicas (ecos, escopias, arcos de quirófano...), sinais biométricos (ECG...) ou estudos con orixe papel (electrografías...) • Conversión a formato estándar de imaxe médica (DICOM) os resultados clínicos xerados en formato non estándar para a súa incorporación ao PACS e posterior visualización dende a historia clínica electrónica. Formatos de entrada: <ul style="list-style-type: none"> o Vídeos: MPG e AVI o Imaxes dixitais: PNG, JPG, TIFF, PDF/A. o Audio • Importación da documentación clínica e imaxe médica dixital 	1.177.088,00 €	IS-14-Sistema integrado de dixitalización, indexación, custodia e xestión da información clínica
08/2013	Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de xestión do coñecemento no ámbito sanitario	<p>Crear un sistema que permita clasificar, difundir e aproveitar coñecemento xerado dentro da organización e importar o xerado externamente que sexa de interese. O obxectivo principal é a construción dun ámbito social de planificación da formación e detección do talento das persoas que exercen profesionalmente no Sistema Público de Saúde de Galicia, superando as debilidades que presentan os distintos sistemas de circulación do coñecemento existente.</p> <p>O sistema debe contar cunha plataforma arredor da cal se conectarán os sistemas de xestión de coñecemento xa existentes e os futuros que poidan ser desenvolvidos. O modelo proposto basearase en...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Un núcleo arredor do cal se conectarán os sistemas de xestión de coñecemento xa existentes e os futuros que poidan ser desenvolvidos • Permite a entrada e saída de representacións formais de coñecemento en formatos estándares (SCORM, Tin Can...) • Implementar un proceso de formación que se retroalimente • Integra os rexistros de formación regulada para xerar coñecemento • Complétao co coñecemento xa existente dentro da organización • Todo o coñecemento é difundido a través de canles informais, tanto internamente coma externamente (redes sociais) • Permite a xeración de novo coñecemento derivado en forma de contidos • Estará dispoñible e accesible para as persoas dende diferentes dispositivos 	1.182.883,90 €	IS-10-Profesional 3.0



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
09/2013	Desenvolvemento dun software de xestión de alertas en procesos de atención sanitaria	<p>Desenvolvemento dun sistema que permita xerar e xestionar alertas segundo motores de regras e algoritmos de decisión para establecer a canle de comunicación óptimo en cada caso, así como monitorizar o estado e a xestión realizada das alertas.</p> <p>Sistema único que centralice todas as alertas rexistradas no conxunto de orixes de datos existentes no ámbito sanitario utilizando os estándares máis axeitados (EN13606, HL7,...). As alertas serán detectadas mediante un motor de regras que busque aqueles eventos ou conxunto de eventos que se consideren de interese. Á súa vez, existirán regras que permitan un escalado da alerta en caso de que non fose atendida polo primeiro conxunto de destinatarios.</p> <p>O sistema comunicará as alertas aos destinatarios mediante o medio máis adecuado en cada caso (Historia clínica electrónica, correo electrónico, teléfono...), así como accións recomendadas para tratar a alerta.</p>	548.856,00 €	IS-7-Sistema intelixente de alertas multinivel
10/2013	Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de xestión de pacientes en urxencias	<p>Desenvolvemento dun sistema que permita optimizar a xestión da actividade en urxencias, cubrindo a visión completa da relación entre demanda e recursos e carga de traballo no departamento en tempo real, integrando os procesos individuais de cada paciente e as actividades de triaxe, localización de pacientes, información a familiares, integración con sistemas de petición de probas e interconsultas e acceso á historia clínica.</p> <p>Os obxectivos deste sistema serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Garantir a Continuidade Asistencial entre os distintos niveis de atención existentes na organización. • Dar soporte á actividade realizada polos profesionais na atención urxente. • Realizar a monitorización integral de cada paciente durante toda a asistencia urxente. • Facilitar e estandarizar a comunicación entre os profesionais que prestan actividade nos servizos. • Permitir a trazabilidade do paciente nos servizos de urxencia • Contribuír co sistema á redución da variabilidade na práctica clínica, tanto intracentro coma intercentro. • Ofrecer información do estado xeral dos servizos de urxencias, e sobre a situación particular de cada paciente aos seus familiares. • Obter a información acerca de actividade clínica realizada nos servizos de urxencias, mediante a clasificación desta e a monitorización de recursos do servizo. • Monitorizar o estado dos servizos de Urxencias. • Dotar os xestores de ferramentas de soporte á toma de decisións, xerando indicadores que mostren o estado do servizo, ofrecendo tanto datos en tempo real como históricos. • Realizar simulacións a futuro sobre a situación do servizo • Representación cartográfica dos pacientes e os recursos. • Informar da situación dos centros asistenciais en tempo real. 	1.640.480,48 €	H2050-1-Urxencias-Sistemas de xestión intelixente
11/2013	Desenvolvemento dun portal web integral de servizos personalizados para o paciente	<p>Desenvolvemento dun portal multidispositivo que permita dar unha funcionalidade unificada e personalizada tendo en conta as distintas situacións clínicas e características dos pacientes/cidadáns.</p> <p>O obxectivo será polo tanto construír unha nova plataforma de servizos e contidos personalizada, orientada a cidadáns (enfermos e sans), coas seguintes características principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Punto de encontro único, no ámbito "virtual", entre cidadán e o servizo de saúde • Servizos "persoais": historia clínica, historial farmacolóxico, tarxeta sanitaria.... • Definición de perfil de estilo de vida da persoa, proporcionando contidos e servizos personalizados en función do perfil • Integrado con plataforma de fogar dixital asistencial • Posibilidade de creación de comunidades virtuais de pacientes • Integración con servizos de comunicación • Accesible dende múltiples dispositivos • Alto grao de seguridade • Uso dos servizos 2.0 	1.200.622,50 €	IS-6-Paciente experto 2.0. Innovación e información activa para pacientes



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
12/2013	Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica para implantar o Fogar Dixital Asistencial	<p>A plataforma de atención no domicilio do paciente constará dunha serie de dispositivos que se despregarán no fogar para a medición de constantes fisiolóxicas, recepción/transmisión de audio e vídeo... os cales xerarán información que será enviada a través dunha interface que pode ser implementada sobre TV interactiva, web, ou dispositivos móbiles. No caso de pacientes en situación de hospitalización domiciliaria, os dispositivos de conexión e de seguimento do paciente poderán utilizar equipamento específico sanitario que será proporcionado ao paciente.</p> <p>O obxectivo será proporcionar unha plataforma que cubra os servizos comúns a calquera Sistema de Telemedicina Domiciliaria, e que á súa vez permita o desenvolvemento e a integración de novos servizos de xeito rápido, reutilizando a infraestrutura e software existentes.</p> <p>A nivel tecnolóxico, o esquema global da plataforma e cada un dos compoñentes en particular de estar caracterizado polas capacidades de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interoperabilidade baixo estándares de comunicación de información clínica (HL7, X73, KNX, CEN 13606, CONTINUA), que garantan a interoperabilidade entre a diversidade de dispositivos e sistemas de información. • Modularidade: Sendo conscientes do amplo abano de perfís que poden ser obxectivo dun sistema destas características, a división en módulos aplicables segundo as necesidades favorece unha personalización do servizo. • Tecnoloxías de código aberto. • Usabilidade e transparencia de funcionamento cara o usuario. • Niveis axeitados de seguridade que garantan a privacidade do usuario <p>A plataforma debe proporcionar mecanismos para a comunicación síncrona e asíncrona entre os distintos compoñentes que a forman.</p> <p>O sistema deberán incorporar varias funcionalidades que permitirán xestionar a información clínica xerada mediante os dispositivos e aplicacións que recollerán a información e a interacción co paciente: Repositorio de recollida de información e constantes clínicas, Sistema de control da interacción co paciente, Ferramenta de monitorización da actividade dos pacientes.</p> <p>A nivel tecnolóxico, o esquema global da plataforma e cada un dos compoñentes en particular de estar caracterizado polas capacidades de integración con outros módulos cunha relación directa na atención ao paciente.</p> <p>Débese de deseñar unha arquitectura software integrada cos S.I. de historia clínica que proporcionará a información necesaria sobre os pacientes e recollerá a información recibida que se deba incorporar como parte integradora da historia clínica do paciente. Integrárase tamén cos S.I. de xestión de citas e axendas (que proporcionarán a información relativa a axendas de traballo dos profesionais), e con calquera base de datos de pacientes e profesionais que se requiran para os procesos de busca (Tarxeta Sanitaria, Directorio Activo...).</p> <p>A plataforma debe proporcionar ou integrarse cun sistema de videoconferencia e telefonía para permitir a comunicación directa co paciente, así como cun sistema de mensaxería instantánea para permitir o fluxo de comunicación entre os profesionais e os pacientes de forma directa.</p> <p>De cara á interacción co usuario, esta plataforma desenvolverá tamén os sistemas finais de interface co usuario, tendo en conta as seguintes posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Televisión Dixital Interactiva: Os servizos de tele-asistencia poderían ser accesibles ao usuario a través de aplicacións desenvolvidas sobre a TV. • Canles Web: O equipo de sobremesa tipo PC constituirá outra posible interface de acceso aos servizos. • Dispositivos móbiles de usuario. A implementación dos servizos nestas interfaces (teléfonos móbiles, tablets...) dotará de mobilidade á plataforma, e permitindo a portabilidade de determinados servizos que estarían sempre dispoñibles para o usuario independentemente da súa situación. 	2.336.358,80 €	IS-3-Hospital na casa IS-5-Fogar dixital. Accesibilidade a Servizos Sanitarios



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
13/2013	Desenvolvemento dunha plataforma multiespecialidade de procesamento avanzado de imaxe médica dixital para axuda ao diagnóstico	<p>Desenvolver unha plataforma que ofrezca servizos de CAD (diagnóstico asistido por ordenador) sobre imaxe médica para o acceso a algoritmos propios e/ou comerciais de diferentes tipoloxías co obxectivo de mellorar a produtividade e a calidade das tarefas diagnósticas do especialista.</p> <p>O sistema permitirá de xeito seguro recibir casos e executar a análise CAD correspondente, xerar e devolver os resultados ao sistema orixe. Integrará as seguintes funcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recepción de información dos S.S.I.I. de actividade clínica (RIS, HIS, LIS...) • Xestión do tráfico de información (priorización,...). • Envío aos módulos de CAD do estudo analizar con toda a información necesaria asociada ao estudo. • Xestión de resultados de análise de estudos dos módulos de CAD (algoritmos de análise). • Conversión dos resultados obtidos por cada módulo de CAD a formato estándar (DICOM...) cando proceda. • Notificación aos SSII corporativos de dispoñibilidade de resultados. • Envío dos resultados obtidos aos SSII corporativos iniciadores do proceso, en formato estándar (DICOM...). • Monitorización e seguimento de uso, resultados, tempos, grao de satisfacción, utilidade. • Integración cos SS.II implicados no proceso de análise. 	337.596,75 €	IS-9-Sistemas de diagnóstico asistido por ordenador
14/2013	Implementación dun laboratorio de seguridade especializado no ámbito sanitario	<p>O desenvolvemento do laboratorio debe incluír as diferentes liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvementos de aplicacións e servizos de auditoría ética /ferramentas de apoio • Consultoría na elaboración de metodoloxía en seguridade sanitaria baseado nos estándares de seguridade existentes creando un modelo de referencia que aplicará ao desenvolvemento dos proxectos asociados ao H2050 e outros futuros da organización • Definición/implantación dun comité operativo de seguridade • Elaboración dun cadro de mandos de seguridade • Revisión independente da seguridade • Revisión periódica da análise de riscos • Elaboración de guías e cursos de boas prácticas en materia de seguridade da información • Reforzo dos criterios de seguridade establecidos no procedemento de desenvolvemento de aplicacións • Aumento da seguridade no acceso á información • Xestión optimizada do parque informático. 	918.390,00 €	H2050-8-Hospital dixital seguro
15/2013	Desenvolvemento dun software para a xestión e seguridade clínica no proceso cirúrxico	<p>A solución deberá prover de seguridade clínica e medidas de eficiencia no ámbito do proceso cirúrxico. Deberá informar sen intervención activa por parte do persoal cirúrxico da identidade do paciente, a súa situación e proporcionar información do acto cirúrxico. Esta información será a axeitada para cada perfil de profesional da área cirúrxica. O sistema cubrirá todo o proceso cirúrxico dende a preanestesia ata o informado final da intervención, con recollida de datos do rexistro intraoperatorio e con capacidade de utilizar protocolos. Utilizará os servizos RTLS para a situación e identificación de pacientes. Integrará toda a información de equipamento de monitorización</p>	544.532,67 €	H2050-2-Trazabilidade integral de pacientes e recursos

ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
16/2013	Desenvolvemento dunha plataforma de explotación de información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos	<p>Construción dunha plataforma de explotación de toda a información clínica dispoñible na historia clínica electrónica, co propósito de facilitar a toma de decisións clínicas, de xestión e apoio en tarefas de identificación de casos de epidemioloxía.</p> <p>A plataforma implementará a importación, transformación e normalización da información clínica en formato non estruturado e semiestruturado con funcionalidades de anonimización e de control de acceso. A solución proporcionará tamén un sistema de busca de información e de análise de información para encontrar correlacións e valores estatísticos nos datos encontrados. Os requisitos principais do sistema son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Seguridade: • Control de Acceso por perfil e ámbito. • Anonimización da información (mesmo caso de uso que o descrito na liña de traballo de Hospital Dixital Seguro) • Explotación de información <p>Identificación de casos para seguimento clínico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación e recuento de casos para cálculo de indicadores de calidade asistencial. • Auditorías de calidade da historia clínica rexistrada (detección de erros de rexistro, falta de campos, etc.) • Informes estatísticos sobre información de historia clínica para seguimento epidemiolóxico (Estudos de prevalencia, Estudos de casos e controis, Estudos de seguimento) • Busca de información para investigación. • Integración dende terceiros sistemas • Acceso á información relevante dun paciente • Busca de casos similares a un dado • Lista de casos para seguimento clínico (para un médico concreto, ou outro ámbito...) • Soporte á prescrición • Axuda á clasificación de episodios 	982.278,00 €	IS-12-Sistema integrado de información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos para investigación
17/2013	Desenvolvemento de algoritmos CAD para nódulos de cancro de pulmón e melanoma	<p>Desenvolvemento de algoritmos de software baseado en imaxes de TAC multicorte e radiografía de Tórax para a detección e clasificación de nódulos pulmonares e análise de evolución da enfermidade (diagnóstico asistido por ordenador).</p> <p>Desenvolvemento dun algoritmo de software baseado en imaxes dermatolóxicas e dermatoscópicas para a detección de melanoma (diagnóstico asistido por ordenador).</p> <p>Os algoritmos recibirán de forma segura os datos de entrada dende unha plataforma de control CAD, realizará a análise CAD correspondente e devolverá os resultados á plataforma de control CAD nunha interface ben definida.</p>	817.795,44 €	IS-9-Sistemas de diagnóstico asistido por ordenador
18/2013	Desenvolvemento dun sistema de control de dose a pacientes	<p>Desenvolvemento dun sistema de xestión de dosimetría debe cubrir os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación da información de radiodiagnóstico, medicina nuclear, radioterapia e hemodinámica/radioloxía intervencionista. • Recollida de datos mediante varias fontes de entrada: <ul style="list-style-type: none"> o Cabeceiras imaxe DICOM. o Datos MPPS. o DICOM SR. o Traballo e análise por protocolo en cada modalidade (configurado en cada modalidade). • Repositorio de información e procesamento, con algoritmos que permitan a normalización e agregación da información de dose recibida • Capa de presentación (Sistema de análise) para distintos perfís, con capacidade de integración en sistemas finais de usuario. o Radiofísica (sistema de análise con indicadores de alerta [dashboard]). o Radiólogos (visualización de información no RIS). o Resto de clínicos (visualización de información en HCE). 	333.415,47 €	IS-2-Central de imaxe médica



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
19/2013	Desenvolvemento da historia clínica electrónica orientada ao seguimento integral do paciente en todo o continuo asistencial que facilite a atención ao paciente crónico	<p>O obxecto da presente contratación é o desenvolvemento das funcionalidades necesarias para dispoñer dunha solución de historia clínica electrónica (en diante HCE) corporativa orientada á xestión por procesos, posibilitando un modelo de cuidados innovadores a pacientes con condicións crónicas no que están implicados a organización sanitaria, o paciente e o seu ámbito.</p> <p>O modelo propón mellorar a atención de saúde en tres niveis: o nivel micro, os individuos e as familias; o nivel meso, as organizacións de saúde e a comunidade; e o nivel macro, as políticas de saúde.</p> <p>Con esta orientación á xestión por procesos, o modelo dá continuidade á atención de saúde e con iso permite ver a evolución das condicións crónicas da poboación. As condicións crónicas desenvólvense en resposta a diferentes riscos, de forma progresiva. A partir desta evidencia é posible propoñer intervencións relativas aos diversos momentos de evolución desas condicións de saúde que é, en último termo, o obxectivo dos responsables sanitarios.</p>	3.730.081,50 €	IS-3-Hospital na casa IS-5-Fogar dixital. Accesibilidade a Servizos Sanitarios IS-6-Paciente experto 2.0. Innovación e información activa para pacientes
20/2013	Elaboración dunha plataforma de firma electrónica e biométrica adaptada ao ámbito sanitario	<p>A presente contratación obterá como resultado unha plataforma de firma electrónica e biométrica coas capacidades funcionais, de configuración e integración necesarias para dar cobertura ás necesidades de autenticación e firma requiridas por profesionais e cidadáns nos sistemas de información do ámbito sanitario, dentro do proxecto Hospital 2050 do Servizo Galego de Saúde. Especificamente, deberase incluír como mínimo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Requisitos básicos: <ul style="list-style-type: none"> o Servizos básicos de firma electrónica o Portafirmas o Firma biométrica manuscrita o Módulos específicos adaptados ao ámbito sanitario - Módulo/s de seguridade hardware en alta dispoñibilidade - Servizos de integración, implantación e demostración 	647.179,41 €	H2050-9-Preservación da información clínica
21/2014	Desenvolvemento dun centro diagnóstico-terapéutico móbil	<p>Desenvolver un centro de diagnóstico-terapéutico móbil que permita cubrir as necesidades asistenciais da poboación, nunhas condicións que melloren, tanto cualitativa, coma cuantitativamente, a asistencia prestada. Para iso é necesario xerar un novo dispositivo dotado de toda a tecnoloxía necesaria que permita a substitución ou reforzo de infraestruturas existentes, por un novo modelo estrutural para a atención sanitaria de maior calidade, eficiencia, resolutividade e accesibilidade.</p> <p>Os ámbitos de actuación perséguese que sexan:</p> <p>a) Actividade como centro de saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> -Realización de procedementos terapéuticos. -Realización de procedementos diagnósticos. -Realización de procedementos diagnósticos/terapéuticos en acto único. <p>b) Opcionalmente poderase formular reconverter a súa configuración para a súa actividade como centro de urxencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reforzo da actividade asistencial urxente en situacións puntuais como reforzo en áreas que incrementan a súa poboación de forma <p>O dispositivo móbil reunirá polo menos os seguintes requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dous vehículos tamaño turismo dotados do material necesario para a atención urxente e atención domiciliaria, con tracción ás catro rodas, mans libres, GPS e cambio automático. - Dous vehículos de maior tamaño que teñen que dispoñer cada un de: <ul style="list-style-type: none"> oCapacidade para dúas salas de consulta e atención a pacientes (que cubra tanto a atención a demanda como a urxente e como a programada), sala de espera, mostrador de atención e cuarto de baño. oAccesibilidade para persoas de mobilidade reducida ou minusvalidez. oControl de temperatura ambiente interna. oTamaño e peso que permitan circular en vías rurais. oDispositivos de conexión de rede de datos e voz, alimentación eléctrica e de auga e evacuación para permitir funcionamento tanto desconnectado como en porto de conexión a rede de comunicacións e a entradas de auga, electricidade e desaugadoiro. oAcoraxes internas para equipamento médico. oEstar totalmente dotados de material e equipamento médico. oTempo de recollida e de posta en funcionamento inferior a 30 minutos en total. - O dispositivo móbil debe cumprir toda a normativa aplicable (sanitario, transporte...). 	2.000.000,00 €	IS-1-Punto de atención diagnóstico terapéutico móbil (PADTM)



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
22/2014	Creación e desenvolvemento dun centro virtual de xestión de análise avanzada automatizada do adestramento sanitario	<p>Integrado dentro da Plataforma Tecnolóxica da Organización.</p> <p>Compatible cos sistemas de rexistro propios dos recursos materiais existentes na actualidade, flexible e doadamente extensible de forma sinxela, a outros recursos tamén existentes, pero menos sofisticados.</p> <p>Almacenamento diferenciado individualmente e en función do perfil do profesional, desta información nun servidor virtual, con posibilidade de acceso multiplataforma aos seus rexistros.</p> <p>Integrado cun sistema de avaliación automatizada (que permita medir e comparar), que xere unha retroacción cuantitativa inmediata para o profesional, en función dos criterios definidos en cada acción formativa. O Centro virtual implica o desenvolvemento do software que:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Permita comparar resultados e recomendar accións de mellora. • Informe o profesional das súas necesidades de adestramento, segundo a análise previa. • Poña á súa disposición a información das actividades programadas dentro da Organización, onde podería obter resposta ás súas necesidades. <p>Integrarse con outros Subproxectos de Innova Saúde cos que se poidan establecer sinerxías, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profesional 3.0: Asignado coñecemento necesario de valor a cada acción formativa. • Central de imaxe médica: Dotando de imaxes virtuais para poder mellorar a realidade das accións formativas. 	550.000,00 €	IS-8-Central de simulación médica avanzada
23/2014	Desenvolvemento dun sistema de información de profesionais orientado á xestión do coñecemento	<p>Requírese o desenvolvemento dun sistema de xestión de profesionais orientado á xestión do coñecemento nas organizacións sanitarias, que achegue as seguintes funcionalidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A xestión do ciclo de vida dos postos de traballo e prazas da organización, asociando as capacidades e competencias que se deriven da xestión do coñecemento, e que se sintetizarán no cadro de persoal, sobre o que se debería xerar o organigrama completo da organización • Incorporará a xestión de profesionais sobre a base de competencias (habilidades) dos postos de traballo e a súa aliñación coas competencias dos profesionais buscando a optimización e maximizando o aproveitamento do coñecemento dos profesionais no desempeño de funcións. • Integrará a xestión dos datos identificativos persoais e perfil profesional (categoría, centro de desempeño e habilidades persoais) do profesional • A xestión dos circuitos de vinculación e ausencia dos profesionais nas súas diferentes modalidades, xa sexa sobre prazas do cadro de persoal ou fose do cadro de persoal (vinculacións temporais ou de reforzo), cubrindo a integración telemática con organismos oficiais e certificacións necesarias neste ámbito e integrando a información de xestión económica, para establecer controis presupostarios e previsións de futuro para a dotación de RRHH. • Obterá as situacións idóneas para o desempeño de cada profesional, proporcionando información sobre as necesidades organizativas respecto á formación e as posibilidades de promoción. 	1.100.000,00 €	IS-10-Profesional 3.0



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
24/2014	Sistema automatizado de captura de datos e reetiquetaxe de medicamentos para mellorar a trazabilidade dos fármacos	<p>O proxecto pretende obter a trazabilidade completa fármacos, tanto dentro coma fóra do ámbito hospitalario, complementando a automatización dos procesos de almacenamento, dispensa e administración do medicamentos e a súa integración cos sistemas de información, centrándose especialmente na dixitalización da información (código nacional, lote, caducidade e calquera outra que resulte interesante) e posterior reetiquetaxe mediante "etiquetas intelixentes" tipo RFID e/ou Data Matrix, o que permitirá o control de todo o proceso (prescripción-validación-elaboración-dispensa-administración de medicamentos aos pacientes), a xestión automática dos stocks, así como dispoñer dun seguimento en tempo real do fármaco dende que abandona o Servizo de Farmacia ata o seu punto final de destino.</p> <p>Como elemento innovador neste proxecto defínese a automatización da parte do proceso que nos permitirá a captura dos datos da etiquetaxe que figuran na embalaxe dos medicamentos comercializados en España: - Código nacional (imprimido en código de barras EAN-13) e Lote e caducidade (impreso no embalaxe)- e a súa posterior reetiquetaxe, ben na embalaxe primitiva ou sobre medicamentos en doses unitarias, mediante a utilización de "etiquetas intelixentes" tipo RFID e/ou Datamatrix, ou outras que presentes características similares e que conteña a información definida no capítulo anterior que poderá ser lida de forma automática en todos os procesos posteriores.</p> <p>Esta automatización deberá ser abordada mediante un robot formado por un ou varios módulos que cumpra, polo tanto, os seguintes requirimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Capturar e almacenar a información de código nacional, lote e caducidade contida no envase orixinal. o Edición de etiquetas intelixentes que conteñan a información dixitalizada e calquera outra que resulte interesante (ex: contén lactosa, termolábil, etc) e que permitan a lectura automatizada. o Varias posibilidades de etiquetaxe a seleccionar segundo tipo de medicamento: datamatrix, RFID o Etiquetaxe da embalaxe orixinal. o Reenvasado e reetiquetado en unidosis de formas orais e inxectables. <p>O novo dispositivo deberá dispoñer dun software que integre a información de reetiquetaxe cos sistemas de información de xestión e de control da medicación da farmacia hospitalaria, de forma que se optimicen e automaticen todos os fluxos de traballo dos distintos profesionais que participan no toda a cadea de abastecemento, prescripción, validación, dispensa e administración, garantindo a trazabilidade e a mellora de eficiencia, seguridade e calidade de todo o proceso.</p>	2.000.000,00 €	H2050-3-Robotización hospitalaria
25/2014	Contratos CPP desenvolvemento produtos de I+D	<p>Desenvolveranse 2 proxectos de Transferencia de I+D ás empresas co seguinte detalle:</p> <p>-INNOVA SUMA: Desenvolvemento dunha solución que permita a incorporación aos protocolos hospitalarios actuais de tecnoloxías innovadoras no ámbito da medicina personalizada aplicada a oncoloxía. En concreto, preténdese realizar un estudo demostrador para incorporar sistemas de detección baseados en biomarcadores avanzados de diagnóstico, prognóstico e de elección e resposta ao tratamento oncológico que permita detectar e/ou caracterizar neoplasias malignas. Coa asimilación destes biomarcadores por parte do SERGAS preténdese avaliar os beneficios da medicina personalizada con obxectivo estratéxico de maior alcance que persegue ofrecer o tratamento correcto ao paciente correcto no momento correcto.</p> <p>-PRIS: detección, selección e orientación a proxectos de I+D con orixe en grupos do SERGAS e con capacidade para transferirse ao mercado en colaboración coas empresas. Todos os proxectos necesitan de empresas externas para o seu desenvolvemento. Os proxectos serán executados mediante contratos de Compra Pública Innovadora (CPTI ou CPP segundo o caso)o Servizos de investigación. A continuación detállase o tipo de contratos e os importes estimados para cada empresa:</p> <p>Contract Research Organization (CRO) para a xestión de ensaios clínicos -220.000,00 € -Servizos Formulación química para desenvolvemento de novas entidades químicas -74.000,00 € - CPTI Análise e experimentación de novas moléculas in vivo -80.000,00 € - Servizos Realización de estudos de Farmacocinética -45.000,00 € - Servizos Avaliación de Toxicidade de novas moléculas -30.000,00 € - Servizos Servizos de estudos regulatorios no ámbito biomédico -75.000,00 € - Servizos Desenvolvemento de novos fármacos e/ou dispositivos médicos especializada na área da Nefroloxía ou afíns -87.000,00€ - CPP ou CPTI Desenvolvementos mediante técnicas de deseño Gráfico, realidade virtual, videoxogos -103.000,00 € - CPTI Dispositivos médicos e/ou equipos de monitorización -220.000,00 € - CPP ou CPTI Fabricación de KITS de diagnóstico -85.000,00 € - CPP ou CPTI Fabricación de Vacinas en condicións - GMP 110.000,00 € - Servizos</p>	1.758.000,00 €	IS-13-Transferencia e difusión de resultados

* Algún dos elementos do mapa de demanda temperá son susceptibles de acollerse ao Programa INNODEMANDA de CDTI. Esta información concretarase nos anuncios correspondentes ás licitacións. <http://www.cdti.es>



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
26/2014	Desenvolvemento dun sistema de control por voz da historia clínica	Dispoñer dunha solución universal que permita a creación e xestión de comando de voz para o manexo das aplicacións informáticas no ámbito clínico. O persoal sanitario dispoñerá dunha interface para o control e uso das aplicacións informáticas máis amigable que facilite a súa implantación e o seu uso en ámbitos onde o uso de equipos informático a través de interfaces estándar (teclado, rato, pantalla táctil) non resulta indicado, como poden ser as áreas cirúrxicas, ou a elaboración de estudos de anatomía patolóxica. Aínda que existen xa no mercado tecnoloxías avanzadas para o recoñecemento de voz, a súa aplicación principal é a de transcrición de textos en informes. O novo sistema proposto pretende o control dos sistemas previo e posterior á tarefa de transcrición, de forma que se poida controlar o fluxo das aplicacións. Asociado a este proxecto preténdese elaborar unha taxonomía de comandos unificada, para permitir que as accións frecuentes sobre aplicacións informáticas sanitarias sexan controladas por voz, incluíndo comandos como: "buscar paciente", "acceder a estudos de imaxe", "consultar historial", "acceder a lista de traballo", "redactar informe", etc. Este tipo de interface avanzada facilita o uso das aplicacións informáticas e o proceso de dixitalización da información clínica cos beneficios que isto supón para os pacientes e para a mellora de eficiencia do sistema sanitario.	450.000,00 €	IS-14-Sistema integrado de dixitalización, indexación, custodia e xestión da información clínica
27/2014	Sistema de Monitorización e Xestión Enerxética	Nun contexto no que os ingresos das Administracións Públicas se contraen e no que os custos dos consumos enerxéticos crecen rapidamente, faise necesario afrontar proxectos de investimento en modernización de instalacións, equipos e sistemas centralizados de xestión co obxectivo de aforro de custos de enerxía e redución de emisións de CO2, todo iso ademais en liña coa directora da Comisión europea recollidas na axenda 2020. O reto é alcanzar un ámbito enerxético autosostible, polo tanto, deberanse analizar en tempo real os perfís de demanda/ consumo e xeración. Para iso deben integrarse e interconectarse todos os subsistemas de xeración e consumo, mediante un único elemento de Xestión Central que permita a xestión técnica e Control de todas as infraestruturas enerxéticas. O obxectivo principal, será o de definir unha Plataforma Integral de Xestión Multiprotocolo que permita controlar e xestionar os principais subsistemas enerxéticos nun ámbito hospitalario tales como: Eléctrica (Iluminación, Laboratorios, Equipos Médicos, Mantemento, Fotovoltaica) Térmica (Climatización, Frio Industrial, Vapor: Laboratorios, esterilización e Lavandaría, Auga Quente sanitarias) Gas natural (Laboratorios, Cocifias, Grupos de Coxeración) O obxectivo deste proxecto é conseguir a medición dos parámetros eléctricos polos que se dará seguimento ao consumo, nas diferentes estacións do ano nos puntos en que se consideren oportunos e poder elixir a fonte de consumo máis idónea para cada caso. Deseñará e elaborarse para iso, unha plataforma multiprotocolo na que se poidan integrar múltiples equipos para lograr ter unha supervisión global de todos os elementos que dispoña o centro. Deste xeito poderanse reducir os consumos de equipos e optimizar os usos da enerxía.	600.000,00 €	H2050-4-Hospital autosostible
28/2014	Solución integral de trazabilidade e control intelixente do acceso físico a edificios e infraestruturas sanitarias	Desenvolvemento dun sistema totalmente innovador no mercado, capaz de cualificar de xeito Intelixente, Centralizada e Integral calquera tipo de Edificio, Recinto ou Infraestrutura Crítica unificando a seguridade física e a seguridade lóxica baixo unha única consola de xestión e administración. O devandito sistema de control, ademais deberá ser flexible, modular e integrable con calquera sistema de seguridade hardware para o control de accesos existente no mercado e futuros que poidan aparecer. Trátase pois de dotarse dun software totalmente independente dos sistemas hardware e a tecnoloxía empregada por estes para a identificación de persoas/recursos tales como sistemas biométricos, a Tarxeta sanitaria profesional, Sistemas de acreditación RFID, etc. Sincronízase co sistema de xestión de persoal corporativo (alta e baixa de permisos de acceso, en función das vinculacións contractuais dos profesionais), e co sistema de planificación de carga de traballo dos profesionais do SERGAS (Xestión da actividade XESAC) que serán os que comanden automaticamente a asignación/designación de permisos nos controis de acceso físico instalados nos servizos ou departamentos onde se realiza o desempeño da actividade laboral. Incluirase a posibilidade de vincular controis de consumo enerxético (activación de iluminación, acendido equipos, etc) á presenza de profesionais nun determinado espazo acoutados polo sistema de control de acceso.	500.000,00 €	H2050-2-Trazabilidade integral de pacientes e recursos



ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ PROXECTOS H2050-IS

ID	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ESTIMADO	SUBPROXECTO
29/2014	Sistema de xestión de aplicacións para móbiles no ámbito sanitario	<p>Dentro dos distintos proxectos de innovación impulsados dende o sistema sanitario público galego, xorden ou está previsto que xurdan distintas iniciativas que levan asociadas aplicacións para smartphones ou tablets. Xorde como reto e motivación para esta proposta innovadora a necesidade de construír un repositorio multiplataform que centralice a oferta de todas estas aplicacións, así como xestión de accesos en función de tipos de usuarios (profesionais, pacientes, cidadanía en xeral) e dos seus perfís (tipos de profesionais, pacientes crónicos, cuidadores...).</p> <p>A plataforma deberá deseñarse de tal maneira que permita:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xestión de descargas en todas as plataformas (Android, iOS, MS, BB). • Máximas garantías de seguridade nas descargas. • Optimización do custo tanto para o usuario coma para a administración sanitaria • Xestión dos dereitos de propiedade e uso das distintas apps integradas na plataforma, xa que nalgúns casos á administración sanitaria non lle corresponderán dereitos completos sobre estas. • Unha doada administración, xestión e evolución por parte do SERGAS. <p>Todo iso mediante unha interface amigable, atractiva e de doado uso, para a que deberá xestionarse o rexistro a nome da Consellería de Sanidade / SERGAS en todas as plataformas.</p>	300.000,00 €	IS-5-Fogar dixital. Accesibilidade a Servizos Sanitarios
30/2014	Interacción cos edificios sanitarios vía "smartphone"	<p>Desenvolvemento dunha aplicación para smartphones innovadora que permita a relación integral dos pacientes e os seus acompañantes cos distintos edificios sanitarios.</p> <p>Actualmente, os servizos ofertados adoitan limitarse a unha xeolocalización de edificios dende a web e, nalgúns edificios, a sistemas de encamiñamento de pacientes cara ás consultas mediante kioscos e pantallas. Con este novo sistema preténdese crear unha plataforma que permita a interacción integral cos edificios sanitarios tanto dende o interior coma dende o exterior destes.</p> <p>No exterior, con sistemas que permitan:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Seguir a ruta máis curta, a pé, en coche ou en transporte público, para acceder ao edificio. • Descubrir os lugares de aparcadoiro público • Identificar os puntos de accesos máis directo aos puntos do edificio onde se debe acudir. • Detectando a súa posición con respecto ao edificio, para poder facer seguimento en caso de atraso na súa chegada. <p>No interior, aproveitando todas as posibilidades das redes inarámicas (Wifi, 3 GR/4 G), de tal forma que sexa posible interaccionar co edificio de forma intelixente:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Permitindo comunicar automaticamente ao sistema a chegada ao edificio, de tal forma que non sexa necesario acudir a un kiosco a retirar un ticket. • Guiando o paciente cara ao punto do edificio onde debe acudir, dun modo intuitivo e rápido. <p>Proporcionándolle información sobre o tempo de espera estimado, e mesmo ofertándolle alternativas de ocio durante a devandita espera.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proporcionando información sanitaria, vídeos promocionais e consellos de saúde. • No caso de citas múltiples nun mesmo día, facilitando a xestión intelixente destas, de tal forma que se poida minimizar o tempo que o paciente ten que estar no centro en función da evolución das distintas consultas. <p>Como servizos comúns tanto dende o interior coma dende o exterior:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Permitindo comunicacións tanto automáticas como por iniciativa do profesional ou do paciente para comunicar posibles atrasos na hora da cita, e alertar cando o tempo de chegada estimado en función da localización actual supere o tempo previsto para a súa cita. • Posibilitando a emisión de sinais de localización para que os acompañantes ou visitantes saiban como chegar a xunto do paciente, posibilitando mesmo a limitación de visitas cando se encontra en áreas de accesos restrinxido. • Facilitando información sobre servizos de ocio e hostalaría dispoñibles tanto no interior coma no exterior do edificio. 	300.000,00 €	H2050-6-Habitación intelixente H2050-7-Hospitalización innovadora
TOTAL IMPORTE ESTIMADO DE LICITACIÓN			32.391.252,80 €	

LENDAS

 ITEM'S PUBLICADOS MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ MARZO DE 2013

 ITEM'S ACTUALIZACIÓN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ ABRIL 2014